

Acta Comisión Permanente celebrada o 9 de xullo de 2010

Sendo as 13.35 horas da comenzo a reunión,

ASISTENTES:

Bergareche Gros, Almudena

Dávila Millán, Encarna

De Vicente Remesal, Javier

Iglesias Prado, Elena

Jiménez Alemán, Ángel Aday

López Prieto, M^a Nieves

Pita Grandal, Ana María

Valcárcel Fernández, Patricia

Alumna: Gabriela Billordo Cerruto

A orde do día ten un único punto: Aprobación, se procede, das guías docentes dos Másters en Ordenación Xurídica do Mercado e de Menores en Situación de Desprotección e Conflicto Social.

A Decana pide desculpas pola premura no envío da documentación aos membros da Comisión. Ademáis, solicita, en particular, polo que ten que ver co Master en Ordenación Xurídica do Mercado -pero apunta que entende podería ser útil tamén para o Master de Menores en Situación de Desprotección e Conflicto Social-, que a Comisión permanente delegue nos coordinadores dos Posgrados a facultade de poder

facen pequenas correccións menores que, no seu caso, poidesen ser precisas logo de celebrada esta reunión da Comisión Permanente.

Explica que se localizaron algúns desaxustes que deben subsanarse. En concreto, cita o caso da materia da que é coordinador o profesor de Dereito Romano Guillermo Suárez na que se advertíu un desfase en canto as valoracións porque teñen que sumar 100 horas e actualmente suman 95.

A profesora Almudena Bergareche explica que algo semellante ocorre coa materia da que é coordinadora Beatriz González Moreno.

Pola súa banda, a profesora Encarna Dávila pregunta se ao cubrir as guías se debe escoller algún idioma común, galego ou castelán.

Se indica que non hai nada definido, pero a Decana explica que quizáis no futuro sería interesante organizar algunha xornada para aclarar as este tipo de dúbidas, dado que actualmente se aprecia que seguen existindo.

O Profesor Javier De Vicente fai notar que ao ver as fichas das materias aprecia que existen deficiencias formais que considera nalgúns casos relevantes, non menores. Entende que se debe ter coidado porque o que aparece nesas fichas é o que pode ver un estudante cando accede á información.

Se aproban as guías presentadas por asentimento e se delega a competencia solicitada pola Decana para poder corrixir os pequenos erros menores que logo desta aprobación se poidan identificar.

Levántase a sesión sendo as 14 horas, do que dou fe

Vigo, 9 de xullo de 2010

A Secretaria

Patricia Valcárcel Fernández